



Da Memoria á Esperanza. Pesqueiras. Datos históricos e visita acompañada

Manuel Regal Ledo. Gráficas Bao, Lugo 2017, 240 p.

Permítanme que non fale dunha persoa ben coñecida e de naturalidade chantadesa, como é Manuel Regal Ledo, un recoñecido escritor a quen debemos varias entregas literarias de diversa orde e enteireza. Permítanme que só fale da última entrega, que ten que ver cun dos espazos máis senlleiros e máis representativos da nosa contorna como é a parroquia de Pesqueiras, onde Manolo Regal se criou e asumiu as diversas frecuencias da cultura labrega dunha parroquia de labranza e de ribeira. E de toda aquela aprendizaxe de convivencias e de relacións foi atesourando esa riqueza ancestral, que os nosos devanceiros transmitiron: tradición, memoria e herdo. Manolo Regal Ledo está asentado nestes tres atributos que nos ofrece por medio do que veu investigando sobre a parroquia de Pesqueiras, en varios ámbitos; en varios predomínios xeográficos, históricos, económicos,

demográficos, antropolóxicos, etnográficos, relixiosos, artísticos, toponímicos, etc. Estamos ante un compendio de cousas obxectivas que normalizan a formación dunha parroquia ou freguesía, de acentuada personalidade histórica como é a de Pesqueiras. Por todo isto, a cidadanía de Pesqueiras ben se pode gabar deste libro de Manolo, por abrir tantas portas a outros estudos que, con certeza, xurdirán despois desta edición precursora, para realizar estudos necesarios sobre unha identidade con tanta personalidade como é a parroquia do noso medio rural. Neste senso debo confesar que é o primeiro libro de análise sobre o conxunto global que encerra unha entidade como é a parroquia en termos xa citados.

A parroquia tivo as súas orixes no reino suevo, no territorio que hoxe coñecemos como galaico-portugués, sendo unha das primeiras connotacións for-